

|   |                                  |                                |
|---|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i><br>CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>77.- TMARE |                                  |                                |
| <i>Documento</i><br>CMG13I1P7   | <i>Expediente</i><br>CON/20/2019 | <i>Fecha</i><br>16-10-19 09:24 |

Número 20 .- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do expediente de "Servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo TROPA VERDE 2ª Fase. Cofinanciado polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa URBACT III (2014-2020)", aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

*Destinatario*

15078DCMG13I1P7+



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 14 de outubro de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 20 .- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE "SERVIZO DE TAREFAS DE COMUNICACIÓN DO PROXECTO EUROPEO TROPA VERDE 2ª FASE. COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA URBACT III (2014-2020)", APROBACIÓN DO GASTO E APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta da alcaldía, de data 9 de setembro de 2019. Así mesmo, do informe con observacións de Intervención, número 804/2019 de data 10.10.19.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde, con competencias en Promoción Económica, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en exercicio das miñas competencias,

### EXPOÑO

1. Con data 8 de abril de 2019, a técnica de xestión de proxectos europeos emitiu o preceptivo informe xustificativo da concorrencia da necesidade e idoneidade da contratación do servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo TROPA VERDE 2ª Fase. Cofinanciado

|   |                                  |                                |
|---|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i><br>CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>77.- TMARE |                                  |                                |
| <i>Documento</i><br>CMG1311P7   | <i>Expediente</i><br>CON/20/2019 | <i>Fecha</i><br>16-10-19 09:24 |

polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa URBACT III (2014-2020).

2. Con data 6 de maio seguinte, a concellería delegada de igualdade, desenvolvemento económico e turismo, formulou proposta de inicio do expediente de contratación por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria.

3. Coa mesma data, o concelleiro delegado de economía, facenda e administración en funcións resolveu iniciar o expediente proposto, ao que se deberían incorporar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deban rexer o contrato, así como o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa, sinalando así mesmo que, unha vez completado o expediente, remitirase este ao órgano de contratación para a súa aprobación e a apertura do procedemento de adxudicación.

4. Finalmente, xa o día 9 de setembro, incorpórase ao expediente o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, que acompaña un informe do departamento de contratación, da mesma data, que conta coa conformidade da asesoría xurídica municipal, que conclúe que "o expediente de contratación, de tramitación ordinaria, ven referido á totalidade do obxecto do contrato e incorpora os documentos ós que se refire o artigo 116 da Lei 9/2017 polo que unha vez fiscalizado pola Intervención municipal dítase acordo pola Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela aprobando o mesmo e dispoñendo o inicio do procedemento de contratación".

Polo tanto, e considerando a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas no anteriormente mencionado informe do departamento de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Que, unha vez completado co certificado de existencia de crédito, acorde a aprobación do expediente denominado **Servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo TROPA VERDE 2ª Fase. Cofinanciado**

|   |                   |                |
|---|-------------------|----------------|
| <i>Dependencia</i><br>CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>77.- TMARE |                   |                |
| <i>Documento</i>  | <i>Expediente</i> | <i>Fecha</i>   |
| CMG1311P7   | CON/20/2019       | 16-10-19 09:24 |

polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa URBACT III (2014-2020), así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **8.181,82 euros IVE** aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 1.718,18 euros.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **070 16220 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2019: 7.638,70 euros.

Anualidade 2020: 2.261,30 euros."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:**

Aprobar o expediente denominado **Servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo TROPA VERDE 2ª Fase. Cofinanciado polo fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) no marco do programa URBACT III (2014-2020)**, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento **aberto simplificado**, establecéndose un tipo de licitación de **8.181,82 euros, IVE** aparte.

O IVE correspondente, (21% da cantidade anterior), ascende a 1.718,18 euros.


Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven desta contratación con cargo á aplicación orzamentaria **070 16220 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

|   |                                  |                                |
|---|----------------------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i><br>CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>77.- TMARE |                                  |                                |
| <i>Documento</i><br>CMG13I1P7   | <i>Expediente</i><br>CON/20/2019 | <i>Fecha</i><br>16-10-19 09:24 |

Anualidade 2019: 7.638,70 euros.

Anualidade 2020: 2.261,30 euros.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE  
SANTIAGO



Asdo: Gumersindo Guinarte Cabada